



PROGRAMACIÓN GRUPO B outubro – decembro 2017

Dar la vida y el alma, de Marina Mayoral



Na noite de vodas, Amelia é abandonada polo seu home nun hotel de París, cun camisón por todo equipaxe. Ninguén entende por que ela non quere anular o matrimonio... Moitos anos despois, unha novelista obsesionase coa historia de Amelia e decide escribirla, convencida de que naqueles feitos do pasado está a clave que lle permitirá entender a súa propia traxectoria sentimental.

Entrega: 4 outubro

Comentario: 18 outubro (inicio da tertulia)

O sol do verán, de Carlos Casares



O suicidio do vital e atractivo Carlos aos 27 anos de idade desencadea os mecanismos do recordo en Helena, a muller que o atopou deitado na bañeira despois de se pegar un tiro. Helena, amiga do finado desde a infancia, repasa unha historia común que se remonta aos anos da nenez e as vacacións de verán compartidas.

Entrega: 18 outubro

Comentario: 15 novembro

De noche, bajo el puente de piedra, de Leo Perutz



Historia de historias, relato de relatos ambientado na Praga do século XVI, "*De noche, bajo el puente de piedra*" fálanos do emperador Rodolfo II, rei de Bohemia e emperador do Sacro Imperio, amante das artes e paranoico; do gran rabino Loew, místico e vidente; e do riquísimo xudeu Mordejai Meisl e a súa bela esposa Esther, elo entre a corte e o gueto.

Entrega: 15 novembro

Comentario: 29 novembro

Una desolación, de Yasmina Reza



Un pai, cara ao final da súa vida, fala ao seu fillo para expresarlle toda a súa «desolación». O seu rancor contra todos, os seus parentes, os seus amigos, a xente coa que se cruza na rúa, e moi especialmente contra o seu fillo. Un fillo que se converteu nun «adaptado» a unha época branda e conformista.

Entrega: 29 novembro

Comentario: 13 decembro

Me llamo Rojo, de Orhan Pamuk



"Me llamo Rojo" introdúcenos no esplendor e a decadencia do Imperio Turco. Viaxamos ata o século XVI, o sultán desexa inmortalizar a súa figura nun lenzo, pero a lei islámica prohíbeo. A tentación vence e catro artistas traballarán en segredo, elaborando un libro cheo de imaxes nunca antes pintadas. Ata que un deles desaparece.

Entrega: 13 decembro

Comentario: 10 xaneiro